



## Teaching Guide

Identifying Data					2023/24
Subject (*)	Practicum	Code	652606606		
Study programme	5 Mestrado Universitario en Profesorado de Educación Secundaria: Formación e Orientación Laboral				
Descriptors					
Cycle	Period	Year	Type	Credits	
Official Master's Degree	2nd four-month period	First	Obligatory	12	
Language	Galician				
Teaching method	Face-to-face				
Prerequisites					
Department	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación Pedagoxía e Didáctica				
Coordinador	Peñasco González, Sandra	E-mail	sandra.pgonzalez@udc.es		
Lecturers	Arza Arza, Neves Castro Alonso, Vicente Chao Fernández, Aurelio Chao Fernandez, Rocio Perea Vega, Gustavo Ariel Rosa Napal, Francisco César	E-mail	neves.arza@udc.es vicente.castro@udc.es aurelio.chao@udc.es rocio.chao@udc.es gustavo.perea@udc.es francisco.rnapal@udc.es		
Web					
General description	O Practicum correspóndese coa fase formativa que se desenvolve nos centros educativos. No caso do alumnado de FOL, pode ser un IES ou un Centro integrado de FP (CIFP). As prácticas están deseñadas para observaren e analizaren o contexto profesional e experimentaren, baixo a tutela e supervisión dunha profesora ou profesor do centro, a planificación, desenvolvemento e avaliación dunha proposta didáctica.				

## Study programme competences

Code	Study programme competences
A24	(CE-E10) Coñecer estratexias e procedementos de avaliación e entender a avaliación como un procedemento de regulación da aprendizaxe e estímulo ao esforzo.
A26	(CE-E12) Analizar críticamente o desempeño da docencia, das boas prácticas e da orientación utilizando indicadores de calidade.
A27	(CE-E13) Identificar os problemas relativos ao ensino e a aprendizaxe das materias da especialización e expor alternativas e solucións.
A30	CE-P1) Adquirir experiencia na planificación, na docencia e na avaliación das materias correspondentes á especialización..
A31	(CE-P2) Acreditar un bo dominio da expresión oral e escrita na práctica docente
A32	(CE-P3) Dominar as destrezas e as habilidades sociais necesarias para fomentar un clima que facilite a aprendizaxe e a convivencia
A33	(CE-P4) Participar nas propostas de mellora nos distintos ámbitos de actuación a partir da reflexión sobre a práctica.
A34	(CE-P5) Coñecer a tipoloxía empresarial correspondente aos sectores produtivos e comprender os sistemas organizativos máis comúns nas empresas (FP)
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.

## Learning outcomes

Learning outcomes	Study programme competences



1. Planificar, desenvolver e avaliar o proceso de ensino e aprendizaxe potenciando procesos educativos que faciliten a adquisición das competencias propias das respectivas ensinanzas, atendendo ao nivel de formación dos estudantes.	AJ24 AJ26 AJ27 AJ30 AJ31 AJ33		CC1 CC3 CC5 CC7
Adquirir as habilidades para xestionar os procesos de interacción e comunicación na aula.	AJ32		
3. Adquirir as habilidades sociais necesarias para a promoción da aprendizaxe e da convivencia na aula e para tratar problemas de disciplina e resolución de conflitos.	AJ26 AJ31 AJ32		CC1
4. Diseñar e desenvolver espazos de aprendizaxe promotores da equidade, da educación emocional e en valores da igualdade entre homes e mulleres, da formación dunha cidadanía global para os dereitos humanos.	AJ24 AJ26 AJ27 AJ30 AJ31		
5. Analizar as dinámicas organizativas e de funcionamento do centro de practicas.	AJ30 AJ31		CC1
6. Vivenciar, contrastar e valorar, nun escenario real, as contribucións dos diferentes módulos teóricos, e tomar conciencia das funcións da profesión docente e dos coñecementos, actitudes e destrezas que se requiren para o seu exercicio.			CC1 CC3 CC7
Analizar os aspectos organizativos e curriculares da formación en centros do traballo e identificar as características das empresas onde se realiza esta formación	AJ24 AJ26 AJ34		CC5

Contents	
Topic	Sub-topic
O centro: organización e funcionamento, oferta educativa e recursos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Organos de Goberno</li> <li>- O Departamento de Información e Orientación Profesional ou o Departameto de Orientación</li> <li>- O Departamento de FOL ou da especialidade na que realiza as prácticas</li> <li>- Culturas organizativas</li> <li>- Oferta Educativa</li> <li>-Recursos humanos</li> <li>- Recursos materiais (informáticos, instalacións, etc.)</li> </ul>
O centro: instrumentos de planificación	<ul style="list-style-type: none"> <li>Proxecto Educativo /Proxecto Funcional</li> <li>A programación dos módulos ou materias da especialidade</li> <li>Plano de Acción Titorial</li> <li>Plano de Orientacion Académica e Profesional</li> <li>Atención á diversidade: perfil do alumnado e medidas.</li> <li>Plan de Convivencia</li> <li>Proxecto lingüístico</li> <li>Plan de igualdade e incorporación transversal da perspectiva de xénero.</li> <li>A formación en centros de traballo</li> <li>Outros programas</li> <li>Ámbitos de innovación educativa</li> </ul>



O Ciclo formativo	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Perfil profesional</li> <li>- Modulos e unidades de competencia</li> <li>- Sector produtivo e contorna socioeconómica</li> <li>- Mercado laboral do ciclo</li> <li>- A formación en centros de traballo e as empresas do sector</li> </ul>
A aula: praxe docente e alumnado	<p>A praxe docente</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Integración da visión de xénero</li> <li>- Integración das TIC e da competencia dixital</li> <li>- Metodoloxía</li> <li>- Avaliación: concepción, modalidades, técnicas e instrumentos</li> <li>- Língua/s de ensino</li> <li>- Medidas para a atención á diversidade</li> <li>- As outras funcións do profesorado</li> <li>- ámbitos de innovación educativa</li> </ul> <p>O alumnado do grupo clase</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Perfil sociolingüístico</li> <li>- Competencia dixital</li> <li>- Resultados da avaliación inicial</li> <li>- Procedencia académica</li> <li>- Expectativas académicas e profesionais</li> <li>- Necesidades educativas específicas</li> </ul>
Deseño e desenvolvemento de propostas didácticas	<p>Fundamentación teórica e legal</p> <p>Obxectivos e contidos</p> <p>Metodoloxía</p> <p>Actividades e recursos</p> <p>Atención á diversidade</p> <p>Avaliación</p> <p>Desenvolvemento a valoración da proposta</p>

Planning				
Methodologies / tests	Competencies	Ordinary class hours	Student?s personal work hours	Total hours
Directed discussion	A1 A26 A27 C1	6	0	6
Student portfolio	A24 A26 A27 A30 A31 C5 C7	0	133	133
Guest lecture / keynote speech	A24 C7	2	0	2
Field trip	A24 A27 A30 A31 A32 A33 A34 C1 C3 C5 C7	90	60	150
Personalized attention		9	0	9

(\*)The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Methodologies	
Methodologies	Description
Directed discussion	Ten por obxectivo a reflexión e análise da experiencia de prácticas. Realízase en dous momentos que se corresponden coas sesións de seguimento e avaliación final do Practicum. As temáticas que van ser obxecto de discusión son os contidos que se especifican no apartado correspondente desta guía.
Student portfolio	Adopta a forma que se establece para a memoria de prácticas. Polo tanto ha de incorporar os contidos que se indican no documento marco do Practicum.



Guest lecture / keynote speech	Está destinada á presentación dos aspectos organizativos e curriculares do Practicum (funcións do profesorado titor, duración, avaliación e sesións de seguimento e final) e ofrece pautas sobre os aspectos a observar e analizar, establecendo conexións coas materias do módulo xenérico e específico que aportan máis elementos para a observación e análise do que acontece a nivel de centro e de aula.
Field trip	<p>A saída de campo corresponde coa estada do alumnado no centro de Prácticas que se desenvolve en dous períodos: 11-12 de xaneiro e do 1 de febreiro ao 6 de marzo.</p> <p>Este período de formación permite :</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Caracterizar á realidade do ensino para ir configurando unha visión propia, fundamentada e vivencial do centro e da aula.</li> <li>- Observar, e reflexionar, vinculando as achegas teóricas e legais das materias do Mestrado coa análise e reflexión do que acontece a nivel de centro e de aula.</li> <li>- Diseñar e por en práctica unha proposta didáctica.</li> </ul>

### Personalized attention

Methodologies	Description
Student portfolio Field trip	<p>A titorización será compartida polo profesorado titor da Facultade e dos centros de prácticas. O primeiro aporta as orientacións iniciais e supervisa a memoria de prácticas a través das sesións de presentación, seguimento e avaliación, así como da atención individualizada no horario de titorías.</p> <p>As datas das sesións de seguimento e avaliación publícanse en moodle.</p>

### Assessment

Methodologies	Competencies	Description	Qualification
Student portfolio	A24 A26 A27 A30 A31 C5 C7	Adopta a estrutura e contidos que se establecen na Guía de Prácticas. A cualificación da memoria de prácticas corresponde ao profesorado titor da Facultade. Para a súa avaliación utilízase unha rúbrica que está dispoñible en moodle.	50
Field trip	A24 A27 A30 A31 A32 A33 A34 C1 C3 C5 C7	O/a titor/a do centro de prácticas é o responsable da súa avaliación, conforme aos criterios especificados na escala de valoración que se recolle na Guía de Prácticas.	50

### Assessment comments



## REQUIRIMENTOS PARA APROBAR

A cualificación das prácticas poderá ser non presentado, suspenso (1 a 4.9), aprobado (5 a 6.9), notable (7 a 8.9) e sobresaliente (9 a 10). Non realizar as prácticas estando matriculado na materia supón un NP.

Para superar as prácticas hai que conseguir o aprobado nas dúas cualificacións outorgadas polo profesorado titor do centro de prácticas e da Facultade. No caso de non aprobar algunha das partes da materia, a nota final será a nota da parte non superada. A cualificación final será, sempre que se aproben as dúas partes, o resultado da media entre a cualificación outorgada polo/a titor/a do centro e polo/a titor/a da Universidade. Non ter presentada a memoria (portafolios) tendo as prácticas superadas supón como cualificación un suspenso.

A revisión, que se fará diante do profesorado titor da UDC, servirá para reconsiderar, de ser o caso, a cualificación da memoria. No que respecta a cualificación outorgada polo profesorado titor dos centros non é susceptible de enmenda. O titor/a de Facultade informará da cualificación obtida nos distintos criterios de avaliación. Esta información proporcionarase na data e horario fixados para a revisión da cualificación do Practicum.

Na segunda oportunidade de avaliación:

-

A memoria pode recuperarse, polo que o alumnado que non supere esta parte na primeira oportunidade terá a ocasión de melloralas para a segunda. Non presentar o portafolios tendo as prácticas superadas supón como cualificación un suspenso na primeira oportunidade.-

As prácticas non poden recuperarse, polo que a cualificación obtida nas mesmas na primeira oportunidade, mantense para a segunda. A

revisión, que se fará diante do profesorado titor da UDC, servirá para reconsiderar, de ser o caso, a cualificación da memoria. Canto ás

cualificacións outorgadas polos/as titores/as de centro: o alumnado pode que se lle dean a coñecer as puntuacións concedidas nas diferentes casas da «grella» de avaliación por parte do seu profesorado titor de facultade, na data de revisión para a súa cualificación na materia.

## LINGUAXE INCLUSIVA E CITACIÓN XUSTA

A utilización da linguaxe inclusiva é obrigatoria.

Co

obxectivo de visibilizarmos as autoras nas referencias bibliográficas,

recoméndase utilizar a citación xusta, para a que se poden

consultar as seguintes fontes:

<https://infoguias.biblioteca.udc.es/c.php?g=653851&p=4979900>

<https://biblioteca.uoc.edu/ca/plana/Estil-APA/>

**FALTA DE INTEGRIDADE ACADÉMICA** Ausencia de citación de fontes As citas e referencias a calquer tipo de texto deben declararse ao longo do texto e no apartado de referencias bibliográficas, utilizando as normas APA 7ª edición. Plaxio O plaxio será motivo de suspenso. Así queda regulado no artigo 14.4 da normativa académica de avaliación da UDC:

" na realización de traballos, o plaxio e a utilización de material non orixinal, incluído aquel obtido a través de internet, sen indicación expresa da súa procedencia e, se é o caso, o permiso do seu autor/a, poderá ser considerada causa de cualificación de suspenso na actividade" Normativa académica de avaliación, revisión e reclamación da UDC:

[https://www.udc.es/export/sites/udc/normativa/\\_galeria\\_down/academica/Normas\\_avalacion\\_revision\\_reclamacion\\_consolidado\\_1.pdf](https://www.udc.es/export/sites/udc/normativa/_galeria_down/academica/Normas_avalacion_revision_reclamacion_consolidado_1.pdf)

<http://www.educacion.udc.es/?pagina=propiedad-intelectual>

Citación xusta



<b>Basic</b>	<p>- Mestrado de Profesorado UDC (2020). Guía das Prácticas Docentes 2020-2021.  <a href="http://www.educacion.udc.es/mestrados/secundaria/?pagina=practicum">http://www.educacion.udc.es/mestrados/secundaria/?pagina=practicum</a></p> <p>Na medida en que no Practicum converxen contidos da maioría das materias do Mestrado, as fontes para o deseño da proposta didáctica e para a elaboración dos distintos apartados da memoria xa foron proporcionadas no resto das materias. Na GUIA DAS PRACTICAS DOCENTES_23-24.pdf (udc.es) pode profundarse sobre os distintos elementos curriculares do Practicum: obxectivos, estrutura da memoria de Practicum, avaliación (axentes, criterios de avaliación e instrumentos), procedemento de escolla do profesorado titor e do centro, calendario (datas para a escolla de profesorado titor, para a realización do practicum, para a entrega da memoria na primeira na segunda oportunidade, para as reunións co profesorado titor da Facultade, etc).</p>
<b>Complementary</b>	

### Recommendations

#### Subjects that it is recommended to have taken before

#### Subjects that are recommended to be taken simultaneously

#### Subjects that continue the syllabus

#### Other comments

COMPROMISO COA SUSTENTABILIDADE AMBIENTAL&nbsp;Débese facer un uso sustentábel &nbsp;dos recursos co obxecto de evitar &nbsp;impactos negativos sobre o medio natural. Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais. En coherencia cos principios enunciados,&nbsp;a&nbsp;memoria de prácticas&nbsp;será dixital.&nbsp;

(\*)The teaching guide is the document in which the URV publishes the information about all its courses. It is a public document and cannot be modified. Only in exceptional cases can it be revised by the competent agent or duly revised so that it is in line with current legislation.